

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2009.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas do día dezanove de febreiro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo e D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados. Non asiste, con excusa, a concelleira D<sup>a</sup>. Carolina Cruz Fernández.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 05.02.2009**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 05.02.2009.

### **2.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (P.X.O.M.) DO CONCELLO DE MUGARDOS.**

Tendo en conta a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, en sesión realizada o día 05.02.2009, a favor de D. ÁMBITO ECOURBANISMO S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de “\_REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (P.X.O.M.) DO CONCELLO DE MUGARDOS”, a D. ÁMBITO ECOURBANISMO S.L.”, no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 80.582 €

B) I.V.E.: 12.893,12 €

C) Total (A + B): 93.475,12 €

Todo elo tendo en conta a necesidade de adaptar o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal á Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA) e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto desglosado en anualidades – ao abeiro do acordo adoptado polo Concello Pleno na sesión realizada o día 31.10.2008 - tal e como deseguido se indica:

ANO	GASTO (euros)
2009	41.760
2010	41.760
2011	9.955,12
TOTAL	93.475,12

financiándose a anualidade correspondente ao ano 2009 con cargo á partida 2009.0.432.0.60102 do orzamento vixente, prorrogado do 2008.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 4.029,10 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.”

### **3.- LICENZAS DE OBRAS.**

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxucio de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

#### **A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:**

- **D. SANTIAGO REY REGUEIRO (EXPTE. 169/2008) segundo solicitude de data 8 de agosto de 2008**, para reparación de muro de pedra, na finca da rectoral de San Vicente (Rilo), con referencia catastral: 1413001NJ6111S. Unha vez visto informe favorable da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 27.01.2009, obrante no expediente, e no que condicionan as obras a que as mesmas se limiten á reparación do muro e se faga coas mesmas características (materiais, aparello, etc.) que o existente.

A parcela está cualificada polo PXOM como Solo de Núcleo Rural (SNR).

É a parcela da Casa Rectoral de San Vicente, elemento BP-31 do Catálogo de Bens Patrimoniais do PXOM, e está afectada polo contorno de protección do edificio.

A obra a realizar é a reparación do muro de contención de pedra existente na parcela (aproximadamente 1 m<sup>2</sup>).

Prazo de inicio: 6 meses

Prazo de execución: 12 meses.

- **Dna. MARÍA ISABEL RIVAS RODRÍGUEZ (EXPTE. 2/2009), segundo solicitude de data 9 de xaneiro de 2009**, para impermeabilización de 12 m<sup>2</sup> de porche e 2,50 m<sup>2</sup> de escadas, en Lugar do Monte nº 5, baixo, referencia catastral: 3017027NJ6121N.

Autorízase tamén a protección con plaqueta de gres do porche máis das escadas.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- **Dna. FÁTIMA GARCÍA CENDÁN (EXPTE. 7/2009), segundo solicitude de data 14 de xaneiro de 2009**, para substitución de 3 portas balcaneiras e a porta de entrada, en R/ Alta nº 7, referencia catastral: 0223014NJ6102S.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- **Dna. PATRICIA FILGUEIRA PENA (EXPTE. 8/2009), segundo solicitude de data 15 de xaneiro de 2009**, para reforma de baño e cociña, en Avda. Bello Piñeiro nº 58, 1º esq., referencia catastral: 4419010NJ6141N0003TL.

As obras consistirán en alicatados, solados e aparatos sanitarios.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- **Dna. GUADALUPE PAZOS GARCÍA en representación de Dna. Mª JOSÉ PAZOS GARCÍA (EXPTE. 13/2009), segundo solicitude de data 26 de xaneiro de 2009**, para cambio de 7 fiestras de aluminio lacado, en R/ Corzás nº 65, referencia catastral: 0722023NJ6102S.

Autorízase tamén o cambio de plaqueta e azulexo de baño e cociña.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- **Dna. Mª JOSEFINA RODRÍGUEZ PAZOS (EXPTE. 14/2009), segundo solicitude de data 27 de xaneiro de 2009**, para cambio de 2 fiestras e unha porta de madeira por aluminio lacado, en Camiño Grande nº 38, referencia catastral: 4600010NJ6049N.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

## **B) PECHES**

- **D. JUAN ANEIROS LÓPEZ (EXPTE. 227/2008), segundo solicitude de data 25 de novembro de 2008**, para construción de peche, en R/ Coruto s/n, con referencia catastral: 3521905NJ6132S.

O peche terá 53,74 metros de lonxitude e será de bloque e reixa cunha altura total de 2,00 metros entre propiedades.

Autorízase tamén a execución dunha rampa de entrada á finca.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1,00 metro de altura e de reixa ata acadar os 2,00 metros de altura. (Dacordo ao acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10.10.2007).

Non se permiten os peches con malla tipo “*galiñeiro*” ou de aramio, nin os remates agudos.

Distará 5 metros do eixo da vía pública, debendo de solicitar aliñación no concello antes

da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

### C) LICENZAS DE OBRAS MAIORES:

- **Dna. BEATRIZ ESCRIBANO MONTES (EXPTE. 232/2008) segundo solicitude de data 10 de decembro de 2008**, para urbanización e construción dunha vivenda unifamiliar illada, en R/ San Victorio s/n, referencia catastral: 2711606NJ6121S, segundo proxecto básico visado polo C.O.A.G. en data 03.12.2008, redactado pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (1.318,03 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (42,10 m<sup>2</sup>).

O solo onde está situado ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural.

A finalidade da licenza é a execución da urbanización e a construción dunha vivenda unifamiliar para destinala a vivenda.

A urbanización ao fronte da parcela será de 42,10 m<sup>2</sup>, e segundo a memoria de urbanización adicaranse os 1.318,03 € do orzamento de urbanización a:

- Aportación de material granítico
- Tubería de fibrocemento Ø 40
- Sumidoiros

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	793,50 m <sup>2</sup>	300 m <sup>2</sup>
b) Fachada mínima	20,40 m.	6 m.
c) Aliñacións	cumpre	plano
d) Lindeiros	3,00 m.	3,00 m.
e) Ocupación parcela	23,70 %	50 %
f) Altura	3,20 m.	7,00 m.
g) Edificabilidade	0,23 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	1 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
h) Cuberta	20 ° (36,40 %)	M.P. art. 84

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 85.700,00 €

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Xulia Cortizas Díaz, e o arquitecto técnico director está sen nomear.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

*Previo ao inicio das obras deberá obter o preceptivo permiso de inicio das obras para o*

que deberá de presentar:

- proxecto de execución asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional
- proxecto de infraestruturas da edificación asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional
- nomeamento de director da execución material e coordinador de seguridade e saúde
- certificación catastral da parcela

- **Dna. MARÍA MONTSERRAT RIVERA CARBALLEIRA (EXPTE. 12/2009)** segundo solicitude de data 23 de xaneiro de 2009, para acondicionamento de local para café-bar e tenda autoservizo, en Avda. Francisco Vizoso nº 30, referencia catastral: 3308025NJ6130N, dacordo co proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dna. María Julia Cortizas Díaz, visado polo C.O.A.G. en data 29.01.2009.

O solo onde está situado ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural.

A finalidade da licenza é o acondicionamento dunha planta baixa dun edificio exento para CAFÉ-BAR E TENDA DE AUTOSERVIZO.

As condicións urbanísticas do edificio non se modifican.

O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de 22.950,00 €

A técnica directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. María Julia Cortizas Díaz e o arquitecto técnico director é D. Miguel Ángel Rodríguez Paz.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

**Non poderá comezar a exercer a actividade ata tanto non se teña levantado acta de comprobación (a cal terá que ser favorable), que o interesado deberá de solicitar ao Concello acompañando á petición o certificado final de obra e o certificado acústico expedido por empresa ou entidade homologada de cumprimento da normativa sobre contaminación acústica.**

#### **D) PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRAS**

Tendo en conta o informe desfavorable emitido pola arquitecta técnica municipal, en data 16.01.2009 así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia ao interesado por este non se ten presentado alegación algunha, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda **denegar** a seguinte solicitude de prórroga para inicio das obras:

- **D. FRANCISCO CARO LAGUNAS (N.R.E. 7.057/23.12.2008)**, para construción de vivenda unifamiliar, en O Baño, referencia catastral: 9518007NJ5191N, ao abeiro da licenza de obras aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 30.04.2008, concedido o permiso de inicio das obras en data 22.07.2008 e notificado o 02.08.2008, (Expte. 63/2007), debido a que se solicita a prórroga con moita antelación á data de caducidade da mesma, (os 6 meses que ten de prazo para o inicio e os 24 meses para a execución), xa que aínda non ten transcorrido nin a terceira parte dos mesmos.

**4.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. MANUEL SÁNCHEZ CASANOVA EN REPRESENTACIÓN DE PROMAR ORZÁN S.L., CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 04.12.2008, SOBRE A DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRAS (EXPTE. 92/2008).**

Visto o recurso de reposición interposto por D. Manuel Sánchez Casanova en representación de Promar Orzán S.L., mediante escrito de data 13 de xaneiro de 2009, nº de rexistro de entrada 195/15.01.2009, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 04.12.2008 sobre a denegación da licenza de obras (expte. 92/2008).

Atendido o informe emitido polo Secretario da Corporación, de data 26 de xaneiro de 2009, no que, en síntese, se pon de manifesto:

“Cuestión previa.

*Como cuestión previa creo necesario poñer de manifesto que as alegacións ou fundamentos do presente recurso son unha reiteración ou repetición das alegacións formuladas polo interesado no trámite de audiencia do expediente da licenza de obras, alegacións que foron informadas por quen subscribe en data de 14 de novembro de 2008, polo que, en aras de evitar reiteracións, dáse aquí por reproducido o citado informe, en consecuencia, so se entrará brevemente na análise das alegacións do presente recurso de reposición.*

*Fundamentos.*

*1.- En canto ao alegado nos puntos nº 1, 2 e 3 entendo que non teñen transcendencia respecto a cuestión de fondo plantexada.*

*2.- En canto ao alegado no punto nº 4, no comparto a tese que nel se sustenta, pois ao meu entender é necesaria a tramitación e aprobación previa do Estudo de Detalle antes de proceder a concesión da licenza de obras e non pode outorgarse a licenza de obras condicionada ao que resultase da aprobación do Estudo de Detalle. Que se trata do mesmo propietario e promotor, dos mesmos solares e arquitecto é indiferente para concesión da licenza, máxime se temos en conta que as licenza son trasmisibles posto que se outorgan en base a condicións obxectivas e non a condicións persoais que teña o solicitante.*

*3.- No punto nº 5 reitérase a xa invocada innecesiedade da tramitación do Estudo de Detalle, con base ao disposto no artigo 221 do vixente PXOM e na LOUG, cuestións que xa foron analizadas no informe do 4 de novembro de 2008, no nº 3, que se dá aquí por reproducido.”*

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda desestimar o recurso de reposición interposto por D. Manuel Sánchez Casanova en representación de Promar Orzán S.L., contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 04.12.2008, sobre a denegación da licenza de obras (expte. 92/2008), polos motivos expostos.

**5.- SUBVENCIÓN ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (A.R.I.)**

Tendo en conta o informe do/a arquitecto/a da oficina municipal de rehabilitación de data 02.01.2008, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación inicial á seguinte subvención ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

- **D. JUAN JAVIER ARAÚJO GARCÍA (EXPTE. MUG\_1707) segundo solicitude de data 26 de decembro de 2007**, propietario da vivenda sita na R/ San Telmo nº 5, pola cuantía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 9.000,00 € para rehabilitación de edificio sen baleirado interior e actuacións para adecuación das condicións de habitabilidade.

2.- Concederlle a bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugaros.

**6.- LICENZA DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS PARA A APERTURA E FUNCIONAMENTO DE BAR, A INSTALAR EN AVDA. DO MAR, Nº. 19-BAIXO, A INSTANCIA DE ESTUDIO DE ARQUITECTURA Y URBANISMO XCALE S.L.L.: RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E INFORME DA ACTIVIDADE.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda deixar pendente o asunto.

**7.- SOLICITUDE DE BEGASUCEGSA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DAS OBRAS DE “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA” (P.O.S. 2008)**

Visto o escrito presentado pola empresa BEGASUCEGSA, adxudicataria da obra de “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA” (POS 2008), número de entrada no rexistro xeral 620/06.02.09), no que solicita a concesión dunha prórroga de dous meses para a terminación das obras citadas.

E tendo en conta o informe emitido pola dirección de obra de data febreiro de 2009 e polo secretario da Corporación, de data 13 de febreiro de 2009, obrantes ambos no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude presentada pola empresa BEGASUCEGSA, e, en consecuencia, concederlle unha prórroga de dous meses para o remate das obras de “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA”.

**8.- RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 91/2009, 96/2009 E 98/2009.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar as resolucións da alcaldía que deseguido se transcriben:

*A) “RESOLUCION DA ALCALDIA Nº 91/2009.- Vista a orde do 16 de xaneiro de 2009, da Consellería de Vivenda e Solo, pola que aproban as bases reguladoras polas que se lles conceden axudas aos concellos de Galicia para a contratación de persoal técnico para a aplicación das normas do hábitat, pola presente **RESOLVO:***

**Primeiro.-** Prestar aprobación á memoria xustificativa da “necesidade existente no concello para a contratación dun técnico para a implantación e o seguimento das normas do hábitat”, redactada pola arquitecta técnica municipal Dna. Carmen Piñeiro Lemos, de data 28.01.2009, por importe de TRINTA E UN MIL NOVECIENTOS OITENTA EUROS (31.980,00 €).

**Segundo.-** Solicitar á Consellería de Vivenda e Solo, ao abeiro da devandita orde, unha subvención pola cuantía de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €), correspondente á achega anual máxima á que poderá ascender a subvención, segundo o artío 4.1 da devandita Orde.

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na presente orde.

**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local para a súa ratificación.”

**B) RESOLUCION DA ALCALDIA NÚM. 96/2009.-** Tendo en conta os ditamenes emitidos pola Comisión informativa de Cultura, Deportes, Ensino, Mocidade e Política Lingüística nas sesións realizadas o 27.01.2009 e o 12.02.200.

Pola presente RESOLVO:

1º) Prestar aprobación á Comisión organizadora da XIX edición da Festa do Polbo, integrada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xosé Fernández Barcia
- Concelleira: D<sup>a</sup>. Pilar Díaz Otero
- Concelleira: D<sup>a</sup>. Africa Pérez Filgueiras
- Concelleira: D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados

2º) Fixar a celebración da XIX edición da Festa do Polbo terá lugar o sábado 11 de xullo de 2009.

3º) Prestar aprobación o modelo de convenio de colaboración entres as sociedades culturais e deportivas do Concello de Mugardos para a organización da Festa do Polbo 2009, tal e como figura no expediente.

4º) Aprobar, con cargo á partida 2009.0.451.0.48901 do orzamento prorrogado 2008, os gastos que de seguido se relacionan:

O Concello de Mugardos comprométese a subvencionar, ás sociedades culturais e deportivas que colaboren na organización da XIX edición da Festa do polbo, a compra de 1.200 kg. de pulpo a razón de 6€/kg., ascendendo o gasto a un total de 7.200€.

5º) Ratifíquese o presente acordo pola Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que se celebre.”

**C) “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA N° 98/2009.-Asunto:** Concesión Definitiva de axuda da Área de Rehabilitación Integral. ARI 2008.

Tendo en conta o informe emitido polo arquitecto da oficina municipal de rehabilitación de data 30.01.2009, obrante no expediente, e de acordo co disposto no artigo 33 da Ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación, polo presente **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente e con cargo á partida 2009.0.432.0.78001, a axuda ao solicitante e na contía que de seguido se indica:

<b>DATOS INMOBLE</b>	<b>SOLICITANTE</b>	<b>IMPORTE</b>
R/ Apelón nº 8	Rojo Cabadas, Juan	7.010,00 €

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución ao interesado e dése traslado á Consellería de Vivenda e Solo.

**Terceiro.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local para a súa ratificación.”

### **9.- CONTA DE RECADACIÓN 2008.**

Visto o resumo presentado polo Recadador Municipal, relativo á xestión realizada, en concepto de impostos e taxas, do exercicio 2008, e tendo en conta o informe da Tesourería municipal, que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

Primeiro.- Aproba-la Conta de Recadación presentada polo recadador municipal, relativa ó exercicio 2008 en concepto de impostos e taxas, sendo o resumo, tal e como de seguido se indica:

	<b>TOTAL</b>
Recoñecemento de dereitos	<b>1.728.328,07</b>
Ingresos	<b>1.486.032,50</b>
Dereitos anulados	<b>5.353,17</b>
Pendente de cobro	<b>236.942,40</b>

Así mesmo, os ingresos recadados en concepto de impostos e taxas relativos a exercicios anteriores ó ano 2008, son os seguintes:

<b>CONCEPTO</b>	<b>ANO 2003</b>	<b>ANO 2004</b>	<b>ANO 2005</b>	<b>ANO 2006</b>	<b>ANO 2007</b>	<b>TOTAL</b>
AUGA			81,15	92,58	22940,30	<b>23114,03</b>
LIXO			185,06	529,20	40169,89	<b>40884,15</b>
ALCANTARILLADO			28,09	46,41	2313,27	<b>2387,77</b>
CANON			37,63	28,17	14723,86	<b>14789,66</b>
IVE			5,69	6,45	1605,07	<b>1617,21</b>
KIOSCOS				1407,80	282,83	<b>1690,63</b>
IBI URBANA	144,32	214,43	260,01	819,99	48591,89	<b>50030,64</b>
IBI RUSTICA					23,31	<b>23,31</b>
IVTM	251,16	462,11	558,45	801,98	1306,91	<b>3380,61</b>
PLUSVALIAS	46,25	48,08		1114,90		<b>1209,23</b>
IAE				717,20	455,10	<b>1172,3</b>
L. APERTURA		58,47				<b>58,47</b>
T. SERV.SOCL.		162,00	41,50	29	4759,33	<b>4991,83</b>
ICIO					71895,27	<b>71895,27</b>
ENTRADA DE VEHICULOS		21,84				<b>21,84</b>

PLUSVALIA					1030,28	<b>1030,28</b>
MERCADO					2409,18	<b>2409,18</b>
ACOM.AUGA					189,54	<b>189,54</b>
ACOM.ALCAN					280,54	<b>280,54</b>
GASTOS EXECUCION SUBSIDIARIA					700,16	<b>700,16</b>
TAXA AX.FOGAR					2867,08	<b>2867,08</b>
OCUPAC.VIA					5070,22	<b>5070,22</b>
TAXA DTOS.					132,14	<b>132,14</b>
<b>TOTAL</b>	<b>441,73</b>	<b>966,93</b>	<b>1197,58</b>	<b>5593,68</b>	<b>221.746,17</b>	<b>229.946,09</b>

### **10.- ENTREGA DAS OBRAS DE “CAMIÑO NO LODAIRO-A GALLADA, CAMIÑO NA REDONDA, CAMIÑO EN FARMACIA DO SEIXO E OUTROS”**

A Xunta de Goberno, por unanimidade, dase por informada da comunicación da finalización - de data 8 de xaneiro de 2009 (R.E. 540/03.02.09) - das obras do proxecto: “CAMIÑO NO LODAIRO-A GALLADA, CAMIÑO NA REDONDA, CAMIÑO EN FARMACIA DO SEIXO E OUTROS, CONCELLO DE MUGARDOS. EXPEDIENTE X-9603”, incluída no Plan de Mellora de Infraestruturas Rurais a realizar pola Consellería do Medio Rural.

### **11.- APROBACIÓN DO GASTO.**

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2008, prorrogado para o 2009, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
154	11	2009.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO,DECEMBR	3.060,29 €
254	MG01/200 9	2009.0.313.0.22718	ANA GARCIA CANEIRO SERVIZO PUBLICO DE ATENCION A INFANCIA, XANEIRO	5.995,47 €
275	19/2009	2009.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MES XANEIROº	9.660,33 €
276	201875622	2009.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 44.364 M3DE AUGA, MES DECEMBRO 08	5.088,73 €

277	201896455	2009.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 52.689 M3DE AUGA POTABLE, XANEIRO	7.035,88 €
-----	-----------	--------------------	---	---------------

### **RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO:**

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
49	10	2009.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE DA LIQUIDACION 7/2008	7.540,00 €
50	12	2009.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 9/2008	10.648,48 €
52	14	2009.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 11/2008	11.827,80 €
53	11	2009.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 8/2008	17.400,00 €
54	15	2009.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 12/2008	12.360,99 €
60	MG 12/2008	2009.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. S.P. ATENCION A INFANCIADA AS LAGOAS, DECEMBRO	5.995,47 €
163	31122008	2009.0.422.0.22100	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A. ENERXIA ELECTRICA ESCOLAS, 06.10/04.12.08	3.357,49 €
165	31122008	2009.0.432.0.22100	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A. ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO, 19.09/05.12.08	18.728,04 €

### **12.- PROGRAMA VACACIONS EN PAZ 2009.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de Benestar Social, Igualdade e Sanidade, así como o informe emitido pola interventora municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobado o modelo de convenio de colaboración entre o Concello de Mugaros e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai o programa vacacións en Paz 2009, según texto obrante no expediente.

2º.- Aprobar, con cargo á partida 2009.0.313.0.22615 do orzamento do 2009 prorrogado do 2008 a cantidade de 3.900 euros para o programa de cooperación e solidariedade VACACIONS EN PAZ.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e seis minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE